



**CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL**  
O GRUPO **ÍTACA TEATRO** REPRESENTA A OBRA  
**FORMIGAS NO PETO**  
de **JOSÉ CAMPANARI**  
INTÉRPRETE **CARLOS REBOLO**  
**SÁBADO 19 DE OUTUBRO DE 2024 - ÁS 20:00 HORAS**  
**AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración coa Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello de Vilalba, organiza a representación da obra **"FORMIGAS NO PETO"**, dirixida por **JOSÉ CAMPANARI** e interpretada por **CARLOS REBOLO**, a cargo do grupo **ÍTACA TEATRO**, dentro do **CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL** convocado pola **Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo** para o presente ano 2024.

A representación terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba o SÁBADO 19 DE OUTUBRO DE 2024, ás 20:00 horas.**

**A ENTRADA SERÁ DE BALDE, PERO HABERÁ QUE REALIZAR A CORRESPONDENTE RESERVA BEN NA PÁXINA WEB DO CONCELLO, BEN NA CASA DA CULTURA OU O MESMO DÍA NO AUDITORIO.**

## SINOPSE

### FORMIGAS NO PETO

Teatro contemporáneo. Público mozo e adulto. 80 min.

Carlos, Carliños, Capi... conta, sinte, viaxa por momentos a lugares da súa infancia, que é, nin máis nin menos, a súa patria. As súas lembranzas parecen mesturadas con personaxes do cotián, que aporta noutra mirada a súa historia, e con imaxes icónicas do cine ou da literatura, que evocan soños e pesadelos, os cales poderían ser unha metáfora da súa propia vida. Estes fragmentos de memoria viaxan no lombo das formigas que se agochan no seu p e t o e que, de cando en vez, ransitan o corpo na procura de emocións.

"Formigas no peto" mergúllanos na infancia, como cerne do noso ser, a través da memoria do protagonista, unha memoria que en parte podería ser a nosa, porque nela danse a man o individual e o colectivo, o que nos fai únicos e o que nos vencella cos demais.

Autores: **Ana Carreira e José Campanari**. Dirección: **José Campanari**. Elenco: **Carlos Rebolo**.



**Ítaca teatro** nace a finais de 2018, fundada por un grupo de apaixonados artistas e, dende aquela, leva estreadas catro propostas moi diferentes: "Cinco Minutos sen respirar", "Formigas no peto", "Anacos" e "Alma de grilo". A viaxe desta compañía está marcada pola exploración constante e a procura do seu aceno de identidade única no panorama teatral. Esa procura é o fío condutor da traxectoria da compañía. A viaxe implica a experimentación con distintos estilos, xéneros e formas teatrais, co obxectivo de descubrir aquilo que os distingue e conecta de maneira única coa súa audiencia. Os seus espectáculos van dende o drama contemporáneo ata o teatro literario con música e n directo, pasando pola narración oral e mesmo a fusión de códigos. Este eclecticismo reflicte o seu compromiso de ofrecer ao público unha experiencia teatral rica e variada, mantendo sempre un ollo atento á evolución da artes escénicas. Itaca abraza a idea de que cada produción é unha oportunidade para redescubrirse e redefinirse. A

experimentación continúa sendo unha constante, guiando á compañía cara a novas formas de expresión e ao descubrimento da súa propia voz.